

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Alcaldía

Decreto da alcaldía sobre prioridade de trámites relacionados co proxecto EidusCoruña

ANUNCIO

A Alcaldía-Presidencia, ditou o DECRETO DEC/AYT/2595/2020 do 12 de maio de 2020:

“DECRETO

Logo de ver a proposta conxunta do concelleiro coordinador da Ude EDUSI, do director da oficina UdX e do xefe de servizo de Alcaldía en relación coa necesidade de adoptar medidas urxentes de impulso, seguimento e control da xestión de todos os asuntos concernentes e que favorezan a execución material do proxecto da Estratexia de desenvolvemento urbano sostible e integrado da Coruña (EidusCoruña), no sentido de que:

A Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos do Ministerio de Facenda e Función Pública resolveu definitivamente o 21 de xullo de 2017 a concesión de axudas do FEDER ao Concello da Coruña para o proxecto EDUSI denominado EidusCoruña (BOE do 25/07/2017). Na resolución, indícase que as entidades seleccionadas son organismos Intermedios do FEDER para os efectos de selección de operacións.

Para tal fin, o Concello da Coruña formalizou, coa sinatura do alcalde, o 25 de setembro de 2017, un “Manual de procedementos para as actuacións cofinanciadas polo FEDER en España no período de programación 2014-2020, dentro do Programa Operativo de Crecemento Sustentable” (actualmente, Programa Operativo Plurirrexional de España, POPE), en que se regulaba a selección de operación e os seus criterios, así como a estrutura, organización e funcionamento da entidade EDUSI-Concello da Coruña. O dito manual foi aprobado o 4 de xaneiro de 2018 pola Subdirección Xeral de Desenvolvemento Urbano da Dirección Xeral de Fondos Europeos, pertencente ao Ministerio de Facenda e Función Pública, aplicando as instrucións da Autoridade de Xestión FEDER en España. O 1 de marzo de 2018 foi aprobado pola Xunta de Goberno Local.

O 26 de maio de 2019, realizáronse as eleccións municipais, constituíuse a Corporación Municipal e elixiuse a alcaldesa o 15 de xuño. A Alcaldía, o 26 e 27 de xuño de 2019, ditou os decretos 3846 e 3847/2019, relativos á organización municipal, nos que se modificaba a estrutura da Administración municipal executiva e se establecían os órganos directivos para o mandato 2019-2023.

Por acordo da XGL do 9 de outubro de 2019, actualizouse o manual de procedementos antes citado e validouno o OIG o 21 de xaneiro de 2020. Nel incorpórase a figura do coordinador de OT (Obxectivo Temático), persoal técnico responsable que ocupa postos de relevancia na organización municipal e forma parte da estrutura directiva dela ou desempeña postos de gran transcendencia desde o punto de vista do desenvolvemento de actuacións estratéxicas na cidade da Coruña.

A Alcaldía ditou o Decreto DEC/AYTO/5227/2019, do 12 de setembro de 2019 (BOP n.º 199, do 19 de outubro de 2019), polo que lle confería delegacións especiais relativas ao Proxecto EDUSI “EidusCoruña”, para xestionar a devandita estratexia e conforme aos manuais aprobados pola Xunta de Goberno Local o 1 de marzo de 2018, Manual de procedementos da EidusCoruña e Manual de comunicación e imaxe, á persoa titular da concellaría con competencias en materia de Urbanismo, como coordinadora da Unidade de Execución (UdE) de EidusCoruña; así como á persoa titular da coordinación xeral municipal, como directora da Unidade de Xestión (UdX) de EidusCoruña. Mantense neste momento vixente o réxime de delegacións citado.

Dada a transcendencia e relevancia da execución do EidusCoruña, fundamentada no seu propio marco normativo (Orde HAP 2427/2015, do 13 de novembro e Orde HAP 1610/2016, do 6 de outubro) e do marco de compromiso da propia EDUSI baseada na senda financeira que se debería ter cumprido dende o inicio da execución do proxecto, e non asumida polo Concello da Coruña até o de agora,

En uso das atribucións legalmente conferidas a esta Alcaldía nos artigos 124.4 b), e) e k), 125, 126, 129 e 130 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 43.4 e 43.5 a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro e do título X do Regulamento orgánico municipal,

DECRETO:

Primeiro. Declarar a prioridade absoluta de todos os trámites de calquera asunto concernente e/ou que favoreza a execución material do proxecto EidusCoruña.

Segundo. Encomendarlle á oficina de coordinación da unidade de xestión a articulación dos mecanismos necesarios para dotar de maior axilidade, seguimento e impulso a execución do proxecto citado. Será unha actuación de apoio ás coordinacións de OT no impulso da redacción de Edls, no impulso da contratación de apoios técnicos para redactar proxectos, pregos de prescricións etc.

Terceiro. A coordinación da Unidade de Xestión (UdX) rexerase por dous principios básicos que conforman unha formulación positiva no impulso e execución da EDUSI:

- O desenvolvemento asimétrico, progresivo e converxente do proxecto EidusCoruña.
- O seguimento e control de execución permanente, realizando un seguimento semanal da súa evolución.

Cuarto. A coordinación da unidade de xestión Unidade de Xestión (UdX) queda facultada para incorporar a ferramenta que considere máis acaída na xestión e control da execución do EidusCoruña no marco do establecido na Lei de contratos do sector público.

Quinto. As funcións e compoñentes do Comité Técnico de Impulso da EDUSI serán modificados de xeito flexible no marco das competencias delegadas na persoa titular da concellaría con competencias en materia de Urbanismo, como coordinadora da Unidade de Execución (UdE) de EidusCoruña.

Sexto. O presente decreto seralle notificado ao coordinador da UdX para o seu coñecemento e aceptación. Entenderase tacitamente efectuada a devandita aceptación se transcorren tres días hábiles dende a recepción da notificación e as persoas interesadas non presentan a súa renuncia ante a Alcaldía. Do mesmo xeito, seralles notificado a todas e a todos os membros do Goberno municipal, e ás persoas coordinadoras de cada Obxectivo Temático (OT), que llelo comunicarán aos seus equipos técnicos de apoio.

Sétimo. Encomendarlle á coordinación da UdX DUSI do Concello da Coruña a revisión, adaptación e tramitación das modificacións oportunas de cara ao establecemento dun sistema operativo de seguimento e control do grao de avance de EidusCoruña fixando o obxectivo último no cumprimento das obrigas do Concello da Coruña no relativo á normativa e compromisos vixentes na EDUSI.

Oitavo. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia e informarase a XGL do Concello na primeira sesión que se realice.

Publícase para o coñecemento xeral.

A Coruña, na data de sinatura electrónica deste documento

A alcaldesa

Inés Rey García”

A Coruña, 12 de maio de 2020

O Coordinador Xeral Municipal

Santiago A. Roura Gómez

(PD Decreto 3847/2019.BOP 03/07/2019)

2020/2708